



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
sede.ponteceso.gal
CIF: P1506900H

BASES DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA MUNICIPAL “PONTE-CEDO: SERVIZO DE APOIO A FAMILIAS MADRUGADORAS” DO CONCELLO DE PONTECESO 2025-2026

O programa “Ponte-cedo: Servizo de apoio a familias madrugadoras” consiste nun proxecto educativo de atención á infancia e ás familias que se enmarca nas liñas de fomento da conciliación da vida persoal, laboral e familiar. Consiste na ampliación do horario de apertura das instalacións do CEIP Eduardo Pondal dende as 07:15 ás 09:15 horas ofrecendo un servizo de acollida, coidado e vixilancia.

1. OBXECTO:

O obxecto desta convocatoria é regular as bases para a participación no programa “Ponte-cedo: Servizo de apoio ás familias madrugadoras”, destinadas a familias con menores escolarizados no CEIP Eduardo Pondal para o curso 2025/26 que cumpran os requisitos establecidos na presente convocatoria.

2. PERSOAS BENEFICIARIAS:

O programa está dirixido a familias con menores escolarizados no CEIP Eduardo Pondal de Ponteceso que estean a realizar o segundo ciclo de educación infantil ou educación primaria e que cumpran os requisitos desta convocatoria.

2.1. Tipo de persoas usuarias:

- a) **Usuario/a fixo/a:** Será a persoa que se matricule e utilice o servizo de luns a venres, independentemente de que o utilice todos os días ou días concretos.

En caso dunha utilización do servizo distinta aos 5 días da semana, os días de utilización deberán ser días concretos previamente sinalados e solicitados mediante escrito motivado presentado con antelación 7 días hábiles.

O Concello poderá negarse no caso de que as solicitudes de cambios na utilización do servizo supoñan problemas para a organización do mesmo, ou orixine problemas de compatibilidade no uso do servizo por parte das outras persoas usuarias.

- b) **Usuario/a ocasional:** Será aquela persoa que non está matriculada como usuario/a fixo/a no servizo e que, habendo praza, desexe utilizar o servizo en días soltos de forma ocasional por motivos de conciliación que deberán ser solicitados e xustificados polo menos con 24 horas de antelación á utilización do servizo.

O Concello deberá valorar estas solicitudes podendo negarse no caso de que a causa non o xustifique, non se demostre, non obedeza a unha ocasionalidade, o que proceda sexa a utilización do servizo na súa modalidade de usuario/a fixo/a, ou no caso de non haber prazas para usuarios/as ocasionais dispoñibles.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
sede.ponteceso.gal
CIF: P1506900H

3. DEREITOS E DEBERES:

3.1. Dereitos:

Son dereitos das persoas usuarias do programa:

- a) O acceso aos servizos segundo os requisitos e condicións que establecen estas normas; sen discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- b) A consideración debida no trato, á dignidade da persoa por parte do persoal dos servizos e das demais persoas usuarias.
- c) A protección dos seus datos persoais de acordo coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- d) A intimidade persoal tendo en conta as condicións de funcionamento dos servizos.
- e) A asistencia individualizada acorde coas súas necesidades específicas tendo como obxectivos prioritarios a súa protección, educación e formación.
- f) A darse de baixa nos servizos por vontade propia.
- g) A dispor de información comprensible sobre o funcionamento dos servizos e das medidas que se adopten respecto dos rapaces e das rapazas e de canto afecte á súa educación.
- h) Recibir educación con suxeición aos principios de tolerancia, convivencia democrática e os valores de igualdade.
- i) Aprender hábitos alimenticios sans, normas básicas de hixiene e comportamento.

3.2. Deberes:

Son deberes das persoas usuarias:

- a) Presentar nos prazos establecidos a solicitude e toda a documentación preceptiva.
- b) Cumprir as bases da convocatoria, as normas de funcionamento dos servizos e as demais disposicións legais vixentes que sexan de aplicación.
- c) Facilitar unha información veraz e manter actualizados os datos necesarios para a alta e permanencia nos servizos.
- d) Manter unha conduta inspirada na tolerancia, na colaboración e no mutuo respecto ao persoal dos servizos e as demais persoas usuarias.
- e) Comunicar a baixa cando proceda.
- f) Responsabilizarse daquelas situacións en que por motivos de saúde e malestar, sexa necesario a non asistencia ou a recollida do/a menor usuario/a dos servizos.
- g) Facer un uso responsable dos servizos.
- h) Estar ao día nos pagamentos dos Prezos Públicos establecidos.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
sede.ponteceso.gal
CIF: P1506900H

4. NÚMERO DE PRAZAS E HORARIO:

4.1. Número de prazas:

O número de prazas será limitado a 24 prazas.

Existen, a maiores, 2 prazas para familias que o precisen de xeito ocasional por motivos de conciliación puntuais que deberán ser xustificados.

4.2. Horario:

O programa desenvolverase ao longo do ano nos períodos lectivos coincidindo co curso escolar.

O horario da actividade será de 07:15 a 09:15 horas.

5. PREZOS:

As cotas pola prestación deste servizo aplicaranse conforme ao previsto no Prezo Público pola asistencia ao Programa de Servizo de Madrugadores/as.

5.1. Prazas ordinarias (fixo/a):

RENDA PER CÁPITA MENSUAL	PREZO
Inferior ou igual a 200€/mes	0€/mes
Superior a 200€/mes	20€/mes

O importe da “Renda Per Cápita” (RPC) calcularase coa seguinte fórmula:

$$RPCm = RTM / n^{\circ} \text{ membros}$$

RPCm = renda per cápita mensual

RTM = Renda total mensual

nº membros = número de membros da unidade familiar.

5.2. Prazas extraordinarias (ocasional):

Prezo por día solto: 5€.

5.3. Bonificacións:

Segundo o estipulado no artigo 8 da “Ordenanza xeral reguladora dos prezos públicos no Concello de Ponteceso”, (Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 35 do luns 19 de febreiro de 2024), establécese unha bonificación para familias numerosas que teñan recoñecida tal condición en relación cos prezos públicos cuxo obxecto sexa o acceso aos bens e servizos sociais, culturais, deportivos e de lecer, de conformidade co artigo 12 da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de Protección ás Familias Numerosas e dita bonificación será do 20% para familias numerosas de carácter xeral e do 50% para familias numerosas de carácter especial.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
sede.ponteceso.gal
CIF: P1506900H

6. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

6.1. Lugar de presentación de solicitudes:

As solicitudes deberán presentarse no rexistro municipal mediante o impreso específico para esta convocatoria, asinado pola persoa solicitante (nai/pai/titor/a) no que se especificará o nome do menor (cubrir impreso por cada menor), acompañado pola documentación correspondente.

Ademais, poderán presentarse a través de calquera medio contido na Lei 39/2015, de 1 de outubro e demais normativa de desenvolvemento. No caso de presentación de solicitudes por correo postal, a persoa solicitante terá que comunicalo dentro do prazo establecido, vía correo electrónico á dirección (concello@ponteceso.gal).

Os impresos serán facilitados no Rexistro Municipal. Tamén se poderá acceder a eles a través da páxina Web municipal.

6.2. Prazo de presentación de solicitudes:

O prazo de presentación será dende o 15 de xullo ao 3 de setembro de 2025, debendo realizar a inscrición na actividade mediante os formularios establecidos ao efecto.

7. CRITERIOS DE VALORACION (NON EXCLUÍNTE):

Para outorgar as prazas (*no caso de haber máis solicitudes ca número de prazas dispoñibles*) terase en conta a maior puntuación acadada segundo os criterios que se indican no seguinte recadro:

CRITERIOS	PUNTUACIÓN
1. SITUACIÓN SOCIOFAMILIAR	
- Familias monoparentales.	3
- Víctimas de violencia de xénero e outras formas de violencia contra a muller.	3
- Unidades familiares nas que existan outras cargas relacionadas cos coidados.	3
- Familias con rendas inferiores a 3 veces o IPREM.	3
- Calquera outra situación na unidade familiar que implique risco ou vulnerabilidade no ámbito familiar, social ou laboral (acreditada mediante informe emitido polos Servizos Sociais).	
- Mulleres maiores de 45 anos.	1
- Familias numerosas.	2
2. SITUACIÓN LABORAL/FORMATIVA *	
Situación laboral de ocupación laboral ou formativa	
- Nai	6
- Pai	6
Situación laboral de persoa desempregada de longa duración:	
- Nai	1
- Pai	1

*Nos casos dun so proxenitor/a este/a computará por dous.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
sede.ponteceso.gal
CIF: P1506900H

Entenderase por unidade familiar aquela composta no momento da solicitude pola persoa menor solicitante, irmáns menores que convivan na mesma e as persoas proxenitoras que teñan atribuída a tutela e garda ou persoas que ostenten a súa tutela ou acollemento.

7.1. Os criterios a valorar **deben cumprirse** na data de presentación de solicitudes e serán valorados segundo indique a documentación achegada nesa data.

8. DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA:

En todas as solicitudes se deberá presentar a seguinte documentación obrigatoria:

- Solicitude asinada para a convocatoria 2025-2026 (Anexo I).
- Declaración responsable de aceptación de condicións de participación (Anexo II).
- Fotocopia do DNI/NIE da/s persoa/s proxenitora/s ou do/a titor/a legal.
- Fotocopia da tarxeta sanitaria de cada menor.
- Libro de familia completo ou documento equivalente que acredite a filiación ou, no caso de existir outra relación coa persoa solicitante, a documentación xudicial ou administrativa que acredite dito vínculo:
 - o No caso de existir unha soa persoa proxenitora, deberá presentarse libro de familia completo, acompañado, se é o caso, do certificado de defunción da outra persoa proxenitora.
 - o No caso de que a garda da persoa solicitante se exerza ou se atribúa a unha soa persoa proxenitora, será necesario presentar copia da sentenza ou acordo regulador aprobado xudicialmente que acredite esta circunstancia e no que se establezan as medidas paterno-filiais.
 - o No caso de existir impago da pensión de alimentos, demanda/resolución de impago de pensión alimenticia.
- De ser o caso, certificado do grado de discapacidade ou informe médico do/a menor solicitante.
- Aquelas persoas usuarias que teñan intolerancias, alerxias alimentarias ou outros problemas dos que sexa necesario ter coñecemento por parte do Concello de Ponteceso, aportarán un informe médico onde se recolla.

Documentación de presentación voluntaria ou que se solicitaría no caso de haber máis solicitudes ca número de prazas para a adxudicación das mesmas por puntuación:

- o Certificado de familia monoparental en vigor.
- o Título de familia numerosa en vigor.
- o Acreditación vítima de violencia de xénero e/ou outras formas de violencia contra a muller.
- o Certificado de dependencia ou certificado do grado de discapacidade das persoas da unidade familiar. Este certificado deberá acompañarse dun volante de empadramento colectivo.
- o Informe emitido polo persoal técnico dos servizos sociais municipais.
- Acreditación da situación socio-laboral: Informe de vida laboral, certificado de servizos prestados, promesa de contrato acreditada (*debedo entregar copia do contrato laboral ao inicio do servizo*), acreditación da formación que estea a realizar ou acreditación de situación de desemprego de longa duración, segundo o caso.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
sede.ponteceso.gal
CIF: P1506900H

- **Acreditación do nivel de RENDA:** Declaración do IRPF correspondente ao ano 2024 (*só no caso de querer alegar unha renda per cápita igual ou inferior a 200€ para a exención da taxa ou no caso de ter uns ingresos da unidade familiar inferiores a 3 veces o IPREM (1.800€) para a obtención de 3 puntos*).

Se non tivo que facer a declaración da renda, segundo o caso:

- Certificado da Axencia Tributaria onde figure que non fixo declaración.
- Certificado de Bases Imponibles.
- Certificado expedido polo órgano competente (Xunta, Seguridade Social, ...) se percibe algunha prestación ou pensión.

9. ADXUDICACIÓN DE PRAZAS:

A adxudicación de prazas realizarase da seguinte maneira:

1º. **Adxudicación directa:** se as solicitudes non superan o número de prazas ofertadas.

2º. No caso de que as solicitudes superen as prazas ofertadas, a selección das persoas aspirantes realizarase **en función do cumprimento de requisitos do cadro anterior**, asignando praza directa ás persoas que teñan maior puntuación ata cubrir a totalidade das prazas.

En caso de producirse empates na puntuación:

1. Estas serán asignadas en función do menor nivel de renda económica.
2. De continuar o empate, serán asignadas mediante sorteo.

VALORACIÓN DA SITUACIÓN ECONÓMICA DA UNIDADE FAMILIAR:

Para a valoración da situación económica da unidade familiar teranse en conta as seguintes circunstancias:

- No caso de que a custodia do/a menor sexa exercida por ambos proxenitores serán obxecto de valoración os seus ingresos, computándose os dous como membros da unidade familiar nuclear.
- No caso de que a custodia da persoa solicitante sexa exercida ou estea atribuída a unha única persoa proxenitora, serán obxecto de valoración os ingresos da persoa proxenitora custodia, xunto coas medidas paterno-filiais aprobadas xudicialmente, de ser o caso.
- En casos distintos dos anteriores, computaranse os ingresos de ambas persoas proxenitoras salvo que se presentara pola persoa proxenitora que figura como representante legal do menor na solicitude desta axuda, demanda para o establecemento de medidas paterno-filiais.

Os requisitos deben cumprirse na data de presentación de solicitudes e serán valorados segundo indique a documentación aportada nesa data.

Para a valoración de situación de risco ou vulnerabilidade familiar, social ou laboral será preceptivo o informe emitido polo persoal técnico dos servizos sociais municipais.

9.1. Listaxe de agarda:

De non haber prazas suficientes para satisfacer a demanda do servizo, trala listaxe definitiva, elaborárase unha listaxe de agarda. As persoas solicitantes en situación de espera irán accedendo ao servizo na orde na que figuren nesa listaxe.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
sede.ponteceso.gal
CIF: P1506900H

10. PUBLICACIÓN:

A lista de persoas admitidas e excluídas, así como a lista de reserva, de ser o caso, serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello de Ponteceso e na páxina Web municipal.

11. NORMAS DE FUNCIONAMENTO:

1. As crianzas que acudan ao servizo non deben ter ningunha enfermidade infecto-contaxiosa, nin tampouco febre e/ou vómitos.
2. As/os monitoras/es non administrarán ningún tipo de medicamento, salvo estrita prescrición médica que xustifique facelo no horario do programa, a cal detallará o tipo de medicación cantidade e modo de consumo. Todo o anterior deberá ser avalado mediante informe médico.
3. A entrega das crianzas farase na entrada do recinto ou onde o persoal o indique.
4. No caso de algunha emerxencia médica. Comunicarase inmediatamente á familia, a través dos teléfonos de contacto que consten na solicitude. No caso de que a emerxencia fose grave, avisaríase primeiramente aos servizos médicos de urxencias. Acudirán ao servizo médico acompañados/as por un/ha monitor/a.

12. BAIXA NO PROGRAMA:

Produciranse baixas no programa polas seguintes causas:

1. **Desistimento ou baixa voluntaria** da persoa beneficiaria do programa por renuncia expresa das persoas proxenitoras ou persoas titoras legais mediante presentación do **Anexo III**.
2. **De oficio:**
 - a. Incumprimento dos requisitos establecidos.
 - b. A comprobación de falsidade na documentación ou datos achegados, con independencia das infraccións administrativas e/ou penais que a devandita conduta constitúa.
 - c. O non pagamento das cotas establecidas.
 - d. Existencia de 5 faltas mensuais sen xustificar.
 - e. O incumprimento reiterado das normas de funcionamento e/ou dos deberes establecidos, especialmente no relativo ás normas de convivencia, respecto e consideración ao persoal técnico, das e dos participantes e das familias, previa emisión do correspondente informe.

O procedemento básico para unha exclusión debe incluír unha audiencia previa ás persoas proxenitoras, titoras ou responsables legais, e comunicaráselle por escrito do concello onde se concrete o tempo de exclusión e a causa.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
sede.ponteceso.gal
CIF: P1506900H

13. PROCEDEMENTO:

Crearase unha comisión de baremación que instruirá o procedemento de concesión do servizo de madrugadores, valorando as solicitudes segundo o baremo establecido nas bases.

A comisión de baremación estará integrada polos seguintes membros:

- Presidenta/o.
- Secretaria/o.
- 2 vogais.

A comisión revisará a documentación e verificará o cumprimento de todos os requisitos así como a presentación da documentación preceptiva establecida na convocatoria.

Pechado o prazo de solicitude establecido e tras realizar a revisión de documentación achegada e a avaliación pertinente, publicarase a relación provisional de persoas admitidas con indicación da puntuación obtida nos lugares e medios sinalados no apartado 10.

Concederase un prazo de **7 días hábiles**, dende o día seguinte á publicación da lista provisional, para emendar a falta de documentación e presentar alegacións.

Examinadas as alegacións e a emenda de documentación, formularase proposta de resolución definitiva, contra a cal caberán os recursos indicados na Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica.

O Alcalde:

José Manuel Mato Martínez

(Documento asinado electrónicamente)



**PROGRAMA "PONTE-CEDO:
SERVIZO DE APOIO A FAMILIAS MADRUGADORAS"
DO CEIP EDUARDO PONDAL (PONTECESO)**

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

**ANEXO I
FOLLA DE INSCRICIÓN CURSO 2025/2026**

DATOS PERSOAIS DAS/OS ALUMNAS/OS:

1º Alumna/o
Nome e apelidos:
Idade:
2º Alumna/o
Nome e apelidos:
Idade:
3º Alumna/o
Nome e apelidos:
Idade:

*Haberá que achegar outra folla de inscrición no caso de ter que inscribir máis alumnas/o

DATOS DAS PERSOAS PROXENITORAS/TITORAS:

Nome e apelidos		DNI, NIF ou NIE
Ocupación:		
Enderezo:		Parroquia:
Concello:	C.P.:	Provincia:
Teléfonos de contacto:		
Correo electrónico:		

Nome e apelidos		DNI, NIF ou NIE
Ocupación:		
Enderezo:		Parroquia:
Concello:	C.P.:	Provincia:
Teléfonos de contacto:		
Correo electrónico:		



**PROGRAMA “PONTE-CEDO:
SERVIZO DE APOIO A FAMILIAS MADRUGADORAS”
DO CEIP EDUARDO PONDAL (PONTECESO)**

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

HORARIO SOLICITADO:

OPCIÓNS:

a) Todo o curso escolar:

- ☐ Mes completo
☐ Días soltos (especificar días concretos, o número de días ao mes, ou á semana)

b) Utilización do servizo ocasionalmente: ☐ (Preaviso de 7 días sempre que sexa posible)

A/o Alumno/a ten intolerancias alimentarias? SI ☐ NON ☐

Outro tipo de alerxias: SI ☐ NON ☐

En caso afirmativo, cales?

Ponteceso, _____ de _____ de 202__

A persoa solicitante,

De conformidade co establecido polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD), infórmase que os datos de carácter persoal facilitados a través do Presente formulario serán tratados polo CONCELLO DE PONTECESO, con CIF P 1506900H con dirección en Rúa do Concello, 18 (15110 Ponteceso – A Coruña) como Responsable do Tratamento e incorporados á Área de Emprego e Desenvolvemento Local á cal vaia dirixida a presente solicitude coa finalidade da inclusión da persoa interesada no programa de conciliación de familias madrugadoras. Os datos serán tratados de maneira confidencial e só serán cedidos a outras entidades cando sexa necesario para levar a cabo a actividade que vostede nos solicita. A presente instancia fundamenta o tratamento dos datos contidos nela, no art. 6.1 e) do RXP: “en cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos a este Concello”. Os datos persoais aquí facilitados conservaranse durante o prazo necesario para o fin para o que foron recollidos ou, no seu caso, para o cumprimento das obrigas legais que deriven do mesmo. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación de tratamento, nos termos previstos na precitada Lei, mediante comunicación escrita dirixida ao responsable do tratamento: Concello de Ponteceso con dirección en Rúa do Concello, 18 (15110 Ponteceso – A Coruña) ou a través da Sede Electrónica <https://sede.ponteceso.gal/sxc/gl/>. Pode obter información máis detallada sobre o tratamento dos seus datos persoais a través do correo concello@ponteceso.gal ou consultando a Política de privacidade na páxina Web do Concello accedendo ao seguinte enlace: <https://www.ponteceso.gal/ga/web/index.php>

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE ACEPTACIÓN DE CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA “PONTE-CEDO: SERVIZO DE APOIO A FAMILIAS MADRUGADORAS” DO CONCELLO DE PONTECESO E DE INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

D./D.ª
con DNI/NIE/pasaporte nº., e domicilio no concello de
enderezo C.P.:
en calidade de pai/nai/tutor/a (indicar o que proceda):..... da/s persoas menores:
.....
.....
.....

☐ Declaro que, RECIBÍN E LIN toda a información relacionada co funcionamento do programa e coa protección de datos de carácter persoal, incluíndo o uso de fotografías e/ou videos.

☐ ACEPTO as condicións de participación no Programa (Bases da convocatoria).

☐ ACEPTO as normas de funcionamento do Programa.

☐ AUTORIZO, a calquera das/os monitoras/es a acompañar a/ao miña/meu filla/o, en caso de emerxencia médica.

Ponteceso, de de 202....

Sinatura (Pai/Nai/Titor/a ou representante legal)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS:

(Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos e garantía dos dereitos dixitais):

- De conformidade ao disposto na actual normativa de Protección de Datos de Carácter persoal, informámoslle que o responsable no tratamento dos datos de carácter persoal recollidos neste documento é o CONCELLO DE PONTECESO, cuxa finalidade é poder atender as consultas e calquera tipo de xestión realizada por este medio de comunicación. Os seus datos non se cederán a terceiros, salvo por obrigação legal. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento. Para iso, o CONCELLO DE PONTECESO dispón de formularios específicos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI/NIE/pasaporte para acreditar a súa identidade en: RÚA DO CONCELLO, 18 (15110 PONTECESO – A CORUÑA); concello@ponteceso.gal. Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos solicitándoa por correo electrónico: concello@ponteceso.gal
- **Finalidade do tratamento:** os datos serán utilizados para facer partícipe a/ao menor na actividade solicitada no impreso de solicitude, así como a xestión administrativa que poida derivarse de dita participación.
- **Datos de saúde:** co único fin de salvagardar a seguridade da/o menor, poderemos solicitarlle información sobre o seu estado de saúde, alerxias ou intolerancias alimentarias. Deberá terse en conta que, no caso de omitirse calquera tipo de información ou de que non se nos informe correctamente, só vostede será a persoa responsable.
O feito de que non faciliten parte da información poderá supor a imposibilidade de inscribir á crianza na actividade.
- **Uso de fotografías e vídeos:** Co fin de promocionar as actividades organizativas no programa de conciliación.
- **Prazo de conservación:** Os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo e sempre que se vexa cumprido o prazo de prescrición de posibles responsabilidades derivadas do tratamento.

AUTORIZACIÓN PARA CAPTACIÓN/PUBLICACIÓN DE IMAXES

Segundo o disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais (en diante, RGPD), e a Lei Orgánica de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, 3/2018 do 5 de decembro, así como o estipulado na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de Protección civil do dereito á Honra, á Intimidade persoal e familiar e á Propia imaxe, o CONCELLO DE PONTECESO, con CIF P1506900H e enderezo en Rúa do Concello, 18 (15110 Ponteceso – A Coruña) é o Responsable do Tratamento. A autorización e licenza de uso da imaxe da persoa Autorizante realizada neste acto refírese exclusivamente ás fotografías e vídeos realizadas polo interesado, co exclusivo fin da difusión do programa e a súa xustificación, polo que o Concello de Ponteceso poderá facer uso das imaxes aos únicos efectos antes mencionados. A base legal para o tratamento dos seus datos está fundada na obtención do seu consentimento, mediante a súa clara acción afirmativa neste presente documento, de acordo co artigo 6.1.a. do RGPD. A persoa interesada terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento. A difusión de imaxes en prensa e RRSS suporá unha comunicación de datos a terceiros atendendo á natureza e funcionamento deste servizo. Así mesmo poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación e oposición mediante escrito remitido á dirección do Responsable enriba indicado, solicitar máis información mediante correo electrónico á dirección concello@ponteceso.gal ou a través do Rexistro Xeral do Concello de Ponteceso incluíndo os seguintes datos: nome e apelidos da persoa interesada, fotocopia do seu documento nacional de identidade, número de identificación de extranxeiras/os, pasaporte ou outro documento válido que o identifique e, no seu caso, da persoa que o represente, petición en que se concreta a solicitude, enderezo a efectos de notificacións, data e firma da persoa solicitante.

Polo anteriormente indicado, solicitamos o consentimento dos pais, das nais ou das persoas titoras legais para poder captar e publicar as imaxes das/os menores participante no servizo de madrugadores do CEIP Eduardo Pondal “PONTE-CEDO”.

Eu,
maior de idade e provista/o de DNI/NIE/pasaporte nº, manifesto
que son (pai/nai/titor/a legal) da/s persoa/s menor/es que de seguido se citan:
.....,
menor de idade e provista/o do DNI/NIE/pasaporte nº



AUTORIZO A CAPTACIÓN E PUBLICACIÓN DE IMAXES



NON AUTORIZO A CAPTACIÓN E PUBLICACIÓN DE IMAXES

Ponteceso, de de 202.....

Asinado,



**PROGRAMA “PONTE-CEDO:
SERVIZO DE APOIO A FAMILIAS MADRUGADORAS”
DO CEIP EDUARDO PONDAL (PONTECESO)**

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

**ANEXO III
SOLICITUDE DE BAIXA NO PROGRAMA**

DATOS PERSOAIS DAS/OS ALUMNAS/OS

1º Alumna/o
Nome e apelidos:
Idade:
2º Alumna/o
Nome e apelidos:
Idade:
3º Alumna/o
Nome e apelidos:
Idade:

*Haberá que achegar outra folla de inscrición no caso de ter que inscribir máis alumnas/o

DATOS DAS PERSOAS PROXENITORAS/TITORAS:

Nome e apelidos		DNI, NIF ou NIE	
Ocupación:			
Enderezo:		Parroquia:	
Concello:	C.P.:	Provincia:	
Teléfonos de contacto:			
Correo electrónico:			

SOLICITO

A baixa no programa de Conciliación de Familias Madrugadoras no curso 2025/2026.

Ponteceso, de..... de 202.....

Solicitante

De conformidade co establecido polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD), infórmase que os datos de carácter persoal facilitados a través do Presente formulario serán tratados polo CONCELLO DE PONTECESO, con CIF P1506900H con dirección en Rúa do Concello, 18 (15110 Ponteceso – A Coruña) como Responsable do Tratamento e incorporados á Área de Emprego e Desenvolvemento Local á cal vaia dirixida a presente solicitude coa finalidade da inclusión da persoa interesada no programa de conciliación de familias madrugadoras. Os datos serán tratados de maneira confidencial e só serán cedidos a outras entidades cando sexa necesario para levar a cabo a actividade que vostede nos solicita. A presente instancia fundamenta o tratamento dos datos contidos nela, no art. 6.1 e) do RXPd: “en cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos a este Concello”. Os datos persoais aquí facilitados conservaranse durante o prazo necesario para o fin para o que foron recollidos ou, no seu caso, para o cumprimento das obrigas legais que deriven do mesmo. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación de tratamento, nos termos previstos na precitada Lei, mediante comunicación escrita dirixida ao responsable do tratamento: Concello de Ponteceso con dirección en Rúa do Concello, 18 (15110 Ponteceso – A Coruña) ou a través da Sede Electrónica <https://sede.ponteceso.gal/sxc/gl/>. Pode obter información máis detallada sobre o tratamento dos seus datos persoais a través do correo concello@ponteceso.gal ou consultando a Política de privacidade na páxina Web do Concello accedendo ao seguinte enlace: <https://www.ponteceso.gal/ga/web/index.php>